

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 4 DE OUTUBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11,30 horas do día 4 de outubro de 2018, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 2 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D. Alberto Escariz Couso
D. Secundino Otero Faílde
D^a María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 8.a, 9.a e 10.c)
D^a Cristina Gómez García (asiste aos puntos 4.b, 4.c, 10.a e 10.b)
D. Óscar Couce Senra, como suplente de Jerónimo Centrón Castañón (asiste aos puntos 2.a, 2.b, 3.a e 4.a)
D^a. Carmen Pintado García (asiste ao punto 11a)

Secretario: Lucio Varela Borreguero

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Coutadas en Teis, fase II" (79-441)

O secretario le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.
2. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
3. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
4. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
5. ORECO, S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:20	Páxina 1 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A14E-C6D735-39C4B6-AJBNTB-6HJS78-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441)

O secretario informa aos membros da Mesa que a empresa NAROM, S.L. manifestou ter problemas para a presentación da súa proposición a través da plataforma de licitación electrónica o último día de presentación de ofertas (5 de setembro de 2018). Os problemas para a presentación da proposición non eran imputables ao licitador.

Entre tanto o soporte técnico da plataforma da licitación electrónica e o Servizo de Administración Electrónica intentaban resolver o problema, desde o Concello informouse erroneamente á empresa, indicándolle que a súa oferta constaba presentada no Rexistro de Entrada. En consecuencia, o prazo de presentación das proposicións rematou sen que NAROM, S.L. tivera presentado a súa oferta.

O concelleiro delegado de Contratación na data 26.09.18 resolveu: *"Poñer a disposición de NAROM, S.L. a plataforma de licitación electrónica para que poida presentar a súa oferta no procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. fase I. Lote 1 Vigo leste e lote 2 Vigo sur (expediente 68-441), polo prazo que resta entre a incidencia técnica producida e o fin do prazo, isto é 12:33 horas hábiles".*

Feitas as anteriores aclaracións, o secretario le o certificado expedido polo Rexistro Xeral que se transcribe a continuación:

"Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 10-08-2018, para a contratación por procedemento aberto do "REFORZO DE FIRMES EN VIAIS MUNICIPAIS. LOTE 1 VIGO ESTE E LOTE 2 VIGO SUR. EXPTE. 68-441" que rematou o día 5 de setembro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentáronse as seguintes empresas:

1. MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL
2. CONSTRUCCIONES FECHI, SL
3. NEMESIO ORDOÑEZ SA
4. NEXIA INFRAESTRUCTURAS SL
5. MISTURAS OBRAS E PROYECTOS SA
6. ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA
7. HORDESCON SL
8. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA
9. CONSTRUCCIONES VALE SL
10. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL
11. ASFALGAL TECNICOS VIARIAS SL

Así mesmo, o día 1 de outubro, dentro do prazo sinalado na resolución do Concelleiro-Delegado do Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 26-09-18, presentou oferta a empresa NAROM, S.L."

A continuación, pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:20	Páxina 2 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A14E-C6D735-39C4B6-AJBNTB-6HJS78-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



Acto seguido procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
 2. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
 3. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
 4. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
 5. MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.
 6. ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.
 7. HORDESCON, S.L.
 8. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
 9. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
 10. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
 11. ASFALGAL TÉCNICOS VIARIAS, S.L.
 12. NAROM, S.L.

Tódolos licitadores preséntanse aos dous lotes (Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur), excepto HORDESCÓN, S.L. que tan só presenta oferta para o Lote 1 Vigo Leste.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Coutadas en Teis, fase II" (79-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución prezo lote 1	Redución prezo lote 2
1	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	218,964.30	162,431.23
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	212,785.28	159,408.20



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:20	Páxina 3 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A14E-C6D735-39C4B6-AJBNTB-6HJS78-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Redución prezo lote 1	Redución prezo lote 2
3	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	244,951.40	159,582.63
4	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	241,899.52	174,689.26
5	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	219,209.65	153,804.31
6	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	291,950.91	212,054.33
7	HORDESCON, S.L.	267,917.52	-
8	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	237,830.36	167,193.96
9	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	236,504.80	167,333.19
10	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	230,739.74	157,780.33
11	ASFALGAL TÉCNICOS VIARIAS, S.L.	251,794.99	188,449.99
12	NAROM, S.L.	243,225.07	177,752.36

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e dinamización da Casa das Mulleres de Vigo (8.398-224)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Experiencia persoal a adscribir ao contrato (animador/a sociocultural) (meses)
1	XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	32.548,76	69,00

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

De acordo coa cláusula 15.3 do prego de cláusulas administrativas particulares, as fórmulas non serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación (65 puntos) sen necesidade de aplicar a fórmula.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:20	Páxina 4 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A14E-C6D735-39C4B6-AJBNTB-6HJS78-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



Tendo en conta a puntuación outorgada ao único licitador presentado e admitido pola proposición avaliable mediante xuízo de valor, no informe asinado pola Axente de Igualdade e a Xefa do Servizo de Igualdade o día 27 de setembro de 2018, de 30 puntos, a puntuación obtida por este licitador é a seguinte:

	Licitador	Puntuación criterios xuízo valor	Redución do prezo	Maior experiencia laboral dos medios persoais
1	XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	30	45	20

c) Procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (8.568-224)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Maior experiencia laboral dos medios persoais
1	XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	27.764,50	48,00

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

De acordo coa cláusula 15.3 do prego de cláusulas administrativas particulares, as fórmulas non serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación (65 puntos) sen necesidade de aplicar a fórmula.

Tendo en conta a puntuación outorgada ao único licitador presentado e admitido pola proposición avaliable mediante xuízo de valor, no informe asinado pola Axente de Igualdade e a Xefa do Servizo de Igualdade o día 27 de setembro de 2018, de 33 puntos, a puntuación obtida por este licitador é a seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:20	Páxina 5 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A14E-C6D735-39C4B6-AJBNTB-6HJS78-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Puntuación criterios xuízo valor	Redución do prezo	Maior experiencia laboral dos medios persoais
1	XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	33	45	20

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais "Tomás Alonso" e "Bouzas" (21.847-332) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a Xefa do Servizo de Educación o 2 de outubro de 2018 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna de Vigozoo (9.233-612) (informe mostrás)

Entrégase o informe asinado polo veterinario de Vigozoo de data 4 de outubro de 2018 sobre as mostrás.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais "Tomás Alonso" e "Bouzas" (21.847-332)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a Xefa do Servizo de Educación o 2 de outubro de 2018 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna de Vigozoo (9.233-612)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo veterinario de Vigozoo de data 4 de outubro de 2018 sobre as mostrás.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:20	Páxina 6 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A14E-C6D735-39C4B6-AJBNTB-6HJS78-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e dinamización da Casa das Mulleres de Vigo (8.398-224)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e dinamización da Casa das Mulleres de Vigo (8.398-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	PUNTUACIÓN TOTAL
1	XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	95,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (8.568-224)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (8.568-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	PUNTUACIÓN TOTAL
1	XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	98,00



Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais "Tomás Alonso" e "Bouzas" (21.847-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais "Tomás Alonso" e "Bouzas" (21.847-332) na seguinte orde descendente:

LOTE 1 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL TOMÁS ALONSO

Licitador	Puntuación total
PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS SL	90,75
COLEGIO LOS MILAGROS SL	87,48
CLECE SA	82,25

LOTE 2 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL BOUZAS

Licitador	Puntuación total
PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS SL	91,75
COLEGIO LOS MILAGROS SL	86,64
CLECE SA	85,31

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:20	Páxina 8 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A14E-C6D735-39C4B6-AJBNTB-6HJS78-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



administrativas particulares (PCAP).

- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

d) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna de Vigozoo (9.233-612)

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna de Vigozoo (9.233-612) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 159.4f da LCSP):

- Acreditación da constitución garantía definitiva

Así mesmo, ao non esixirse neste procedemento a súa inscrición obrigatoria no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público ou no rexistro da correspondente CCAA, o licitador deberá presentar a seguinte documentación:

- Ao tratarse dunha persoa xurídica, acreditación da válida constitución e obxecto social.
- Capacidade de obrar.
- Poder bastante con que actúe o seu representante, no seu caso.
- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- A acreditación da solvencia económica e técnica xa foi presentada polo licitador na súa oferta. Se ben a solvencia económica acreditada é suficiente segundo o esixido no apartado 5 do Anexo I -FEC- do PCAP, a solvencia técnica non. En consecuencia, deberán completala tendo en conta o previsto na cláusula 8.5.3 do PCAP que se transcribe:

Unha relación dos principais subministros ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministros ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:20	Páxina 9 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A14E-C6D735-39C4B6-AJBNTB-6HJS78-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

449)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 19 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449) na seguinte orde descendente:

LICITADORES	Puntuación total
UTE WELGOOD CARSHARING, SLU e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, SA	95.4
UTE HINOBEPA, SL -INVERSIONES TURIAPARK, SL	85,27
EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS S.A.	53.79

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE WELGOOD CARSHARING, SLU e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.742,70 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:20	Páxina 10 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A14E-C6D735-39C4B6-AJBNTB-6HJS78-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., o día 26 de xullo de 2018, que presenta a documentación requirida o 8 de agosto, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 23 de agosto de 2018 revisou a documentación presentada e acordou requirir á UTE a súa emenda nun prazo de tres días hábiles. Dentro do referido prazo a UTE presentou a documentación requirida.

Esta documentación foi revisada pola Mesa de Contratación na sesión do 4 de outubro de 2018, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 26 de xuño e 6 de xullo de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A. o procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:20	Páxina 11 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A14E-C6D735-39C4B6-AJBNTB-6HJS78-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castela (1.789-449) coas seguintes condicións:

- a) Propón un 6% de diminución lineal das tarifas máximas fixadas para cada anualidade na cláusula 8.2 do PCAP polo uso rotatorio das prazas de aparcadoiro.
- b) Incrementa o canon concesional previsto na cláusula 7 do PCAP (120.000 euros) en 17.760 euros/ano, resultando un canon total anticipado de 3.444.000 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación de subministración dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo (expte. 4.799/440) (lote 4)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) (lote 4)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 7 de agosto de 2018, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 24 de xullo de 2018, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o umbral do 50% da puntuación máxima no criterio de xuízo de valor, cuantificado en 50 puntos, previsto no apartado 9.A.2 do Anexo I - FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares:

- LOTE nº 1: SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.
- LOTE nº 3: SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.
- LOTE nº 4: DANNERBOOTS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:20	Páxina 12 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A14E-C6D735-39C4B6-AJBNTB-6HJS78-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) na seguinte orde descendente:

LOTE Nº 1 "Calzado":

Licitador	Puntuación total
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	90

LOTE Nº 2 "Prendas ou elementos de uniformidade xeral":

Licitador	Puntuación total
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	90

LOTE Nº 3 "Roupa de traballo coa condición de EPIs":

Licitador	Puntuación total
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	90

LOTE Nº 4 "Prendas ou elementos da uniformidade específica do servizo de Policía local":

Licitador	Puntuación total
SAGRES, S.L.	100

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lotes 1, 2 e 3) e SAGRES, S.L. (lote 4), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 1.791,17 euros (447,80 euros por lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 4, SAGRES, S.L., o día 21 de agosto de 2018, que presenta a documentación requirida o 30 de agosto, dentro do prazo concedido.



Con data do 7 de setembro de 2018 a Xunta de Goberno local tomou razón da Resolución nº 60/2018 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recurso nº 82/2018, instada por Dña. Margarita María Reboredo Arnosos actuando en nome e representación de DANNERBOOTS, S.L., na que se acorda adoptar a medida cautelar de suspensión do lote 4.

O 27 de setembro de 2018 a Xunta de Goberno local tomou razón da Resolución nº 77/2018 do TACGAL, recurso nº 82/2018, pola que se desestima o recurso interposto por DANNERBOOTS, S.L.U. contra o acordo de exclusión da súa oferta, lote no 4, e se levanta a suspensión acordada no seu día.

Levantada a suspensión do procedemento e á vista de que a garantía depositada por SAGRES, S.L. é insuficiente por mor dun erro imputable á Administración no requirimento formulado o 21 de agosto de 2018, condecéuselle ao licitador un prazo de tres días hábiles para que puidese completar a garantía. Durante o prazo concedido SAGRES, S.L. completou a garantía definitiva.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar no lote 4, SAGRES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SAGRES, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 19 de xullo de 2018 (e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:20	Páxina 14 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A14E-C6D735-39C4B6-AJBNTB-6HJS78-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



informe complementario do 30 de xullo) e do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 30 de xullo.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a SAGRES, S.L. o lote 4 do procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) por un prezo total de 485.762,15, sendo a cota correspondente ao IVE de 84.305,83 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta e cunha baixa proporcional única do 13% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 4.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 15,00 horas. De todo o tratado eu secretario dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

O secretario da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:20	Páxina 15 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A14E-C6D735-39C4B6-AJBNTB-6HJS78-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		